



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 27 de xuño de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 20 de xuño de 2018.
2. Aprobación do proxecto de obras de “Mellora e renovación do alumeadado público exterior CPM3/MOGOR”, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 49.580,33 euros.
3. Adxudícase, mediante concertación directa, o arrendamento de parcela para aparcadoiro en Dr. Otero Ulloa, nº 80, Seixo, Marín, polo prezo de 175 €/mes e un prazo de 24 meses, prorrogables ata 24 meses máis.
4. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Humanización da rúa Inferniño entre Camiño Cemiterio Vello e rúa Concepción Arenal”, un orzamento base de licitación, sen IVE, de 247.682,37 euros, incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da concesión de prórroga para a xustificación da subvención para a “Restauración no castro de A Subidá”.
6. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 32.497,31 euros, correspondente ó 60% do orzamento do proxecto denominado “Pavimentación e mellora do vial Camiño de Raposeiras”, ao abeiro das subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
7. Dáse conta das modificacións relativas ó prazo de xustificación e réxime de pagamentos das bases reguladoras do Plan Marco de Mellora de camiños municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).
8. Dáse conta da concesión de subvencións para a promoción da igualdade do Programa de prevención da violencia de xénero e o Programa de apoio aos CIM, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importes de 37.783,65 euros con cargo ao programa de apoio aos CIM, e importe de 10.000 euros con cargo ó Programa de prevención da violencia de xénero.
9. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e a súa convocatoria para o ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
10. **Rogas e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000250BA00M2C5J6J6U6U0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190151738</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/01/2019 15:18:23	Fecha: 14/01/2019 Hora: 15:18